

ACTIVIDADE 1: O PATIO DO MEU COLE

Contidos que pode; traballar con esta actividade:

- Área 1 **Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:** Bloque 1.
- Área 2 **Coñecemento do contorno:** Bloque 3.
- Área 3 **Linguaxes. Comunicación e representación:** Bloques 1 e 2.

Nece;itaremos:

Conto "O patio do meu cole".
Póster "O patio do meu cole".

Consideración; para o/a educador/a:

Utilizar as ilustracións do póster axudaranos a captar a atención dos/das nenos/as e facilitaralles a comprensión da historia.

Desenvolvemento:

- Ler o conto utilizando o póster coas ilustracións como apoio.
- Comprobar que todos os nenos/as comprenderon o contido do conto.
- Reflexionar, dunha maneira moi sinxela, sobre a mensaxe do conto, a partir de preguntas como:
 - ¿Quen se queixa porque os/as nenos/as no se poñen contentos cando o sacan da súa mochila?
 - Que lle conta sándwich a Fono? A el compárteno no recreo?
 - A quen non queren nunca compartir os/as nenos/as? Por que?
 - Os nenos/as dese cole, comparten o que lles gusta?
 - Compartir o que non queres ou non che gusta é ser xeneroso/a?
 - Que di a mensaxe que escriben na parede? Que é ser xeneroso/a?



ACTIVIDADE 2: COMPARTIMOS

Contidos que podeš traballar con esta actividade:

- Área 1 **Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal**: Bloque 1.
- Área 2 **Coñecemento do contorno**: Bloque 3.
- Área 3 **Linguaxes. Comunicación e representación**: Bloques 1 e 3.

Necešitaremos:

Folios e pinturas para colorear.

Consideracións para o/a educador/a:


Esta actividade serviranos para asentarmos o contido do conto e o traballado na actividade anterior.

Desenvolvemento:

Retomar a mensaxe final do conto, lela en alto e tratar de que os/as nenos/as a comprendan e a memoricen:

**Ser xeneroso no é dar
o que non nos gusta
ou non queremos,
é pensar nos demais
e compartir o que temos.**

- En Asemblea, reflexionar sobre o que cada un/unha compartiu:
 - Pensa en algo que compartises.
 - Cada neno/a contará aos demais a súa experiencia: que compartiu e con quen o compartiu.
- Pedir a cada neno/a que reflicta iso nun debuxo.
- Para rematar, elaboraremos un mural coa frase **“Ser xeneroso é pensar nos demais e compartir o que temos”** e colgaremos debaixo os debuxos que nos servirán para reforzar as mensaxes do conto.



O PATIO DO MEU COLE

CONTO

Ola son Fono,
o reporteiro con kimono
e hoxe teño que investigar
que é a xenerosidade?

Son xenerosos os nenos?
Comparten cos demais?
Ata o patio dun colexio
vin a preguntar.

-“Bos días Señor Plátano,
díganos como o ve,
compárteno no patio?
Como lle tratan a vostede?”

-“Pois eu sempre moi contento
vou dentro da mochila,
pero á hora do recreo
póño-me triste enseguida”.

-“Vaia rolo outra vez froita!”,
din en canto me ven.

-“Se o queres doucho,
non mo vou a comer!”

-“Se algún neno esqueceuse
de traer o seu almorzo,
colaboran os demais
dando parte do seu?”

(O sándwich contesta)


-“Eu como son moi brandiño
e moi fácil de partir,
ás veces se me comparten
e iso faime feliz.”

-“Se o meu recheo gústalles
recíbenme con sorrisos,
pero se non lles agrada
repártenme moi rápido.”

(A palmeira dá a súa opinión)

-“A miña experiencia, con todo
moi diferente é,
cando aparezo no patio
todos me queren comer.”

-“Os que me traen, moi felices,
saborean o meu chocolate,
e aínda que os demais lles pidan
a min nunca me reparten.”



CONTO

(Fala Fono)

-“Paréceme que estes nenos non saben ser xenerosos, comparten o que non queren ou o que lles gusta pouco.”

-Necesito a vosa axuda para unha mensaxe lanzar e uns botes de pintura foron o catro para buscar.

Usaron letras moi grandes e ocuparon a parede, para escribir unha mensaxe que todos podían ver:

Ser xeneroso non é dar o que non nos gusta ou non queremos, é pensar nos demais e compartir o que temos.

